


## ACCESO Ó LUGAR DA COMPETICIÓN



### **Mutuasport, a mutua dos cazadores, dirixida exclusivamente POR e PARA**

Cazadores, que sabemos cales son as túas necesidades, ofrecémosche unha interesante variedade de seguros de caza.

- Seguros de R.C. do cazador con diversos tipos de coberturas
- Seguro de Danos propios
- Seguro de Responsabilidade Civil dos Cans
- Seguro de Responsabilidade Civil de Competicións
- Seguro de Responsabilidade Civil de Ganchos e Monterías
- Seguro de Responsabilidade Civil para Tecores

- **INFÓRMATE NA TÚA SOCIEDADE OU NAS NOSAS OFICINAS,**  
situadas en Carballo, Rúa Vila de Caión, 27 baixo 2 A (15100) Carballo.  
Tfno.: 981 70 29 57

## **III CAMPIONATO PROVINCIAL DE PERCORRIDOS DE CAZA CON ARCO E I CAMPIONATO PROVINCIAL DE ARCO AO VOO**



**GALICIA SAUDABLE**  
"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"



## **9 DE MARZO DE 2014 MONTES DE BENS A CORUÑA E ZONA DE SAN ROMAN (TECOR C10190) - LARACHA (A CORUÑA)**

**ORGANIZAN:** - Federación Galega de caza na Coruña  
- Clube ARCO HERCULES

**COLABORAN:** Asociación de Veciños de Bens e Sociedade  
de Caza O Petón de Cabovilaño

## COMITÉ ORGANIZADOR

**DON MANUEL SAA CASARIEGO**

Presidente da Federación Galega de Caza na Coruña

**DON OSCAR NOVAS SEIJAS**

Presidente do Clube ARCO HERCULES

**DON JOSE MARIA BUSTO BUSTO**

Secretario do Clube ARCO HERCULES

## DIRECTORA DA COMPETICIÓN

**DONA INMACULADA SANTAMARIA RODRIGUEZ**

## XURADO DE COMPETICIÓN

Elixirano os participantes antes do inicio da competición

## XUÍCES

Serán designados pola organización

## PARTICIPACIÓN E INSCRICIÓN

Os Campionatos son abertos a tódolos arqueiros que o soliciten. As inscricións abonaranse nos lugares de concentración o mesmo día das probas. O prazo para anotarse remata o día 5 de marzo, debendo de anotarse a través do Clube Arco Hercules (Teléfono: Oscar: 615468490), mail: [arcohercules@hotmail.co](mailto:arcohercules@hotmail.co), ou ben na Federación Galega de Caza na Coruña, tfno.: 981 70 29 57. Tódolos arqueiros deberán acreditar ante a organización que contan coa documentación pertinente (licencia de caza, seguro de responsabilidade civil, etc..) así como coa Licencia Federativa de Caza en vigor, e abona-lo importe correspondente á inscrición.

## PREZO DAS INSCRICIÓN

**Percorridos de caza con arco:** 20 € adulto e 5€ nenos (xantar incluído). **Arco ao voo:** 12€ por parella.

## REGULAMENTO

Os Campionatos Provinciais de Percorridos de Caza con Arco e de Arco ao Voo, rexeranse polos vixentes Regulamentos e normas complementarias da FGC.

## SORTEO

Os sorteos de zonas de competición realizaranse o mesmo día no lugar de concentración.

## PROGRAMA

**DIA:** 9 de marzo de 2014

**LUGAR:** O campionato Provincial de Percorridos de caza con arco, celebrarase nos MONTES DE BENS, situado no lugar de BENS no concello e provincia de A CORUÑA, e o campionato provincial de arco ao voo celebrarase o mesmo día nos terrenos do tecor cinxético C-10190 "O Petón" de Cabovilaño no concello de Laracha.

## HORARIOS CPTO PROVINCIAL PERCORRIDOS CAZA CON ARCO

**10,00 horas.-** Concentración de arqueiros nos Montes de Bens, na parroquia de Bens, concello e provincia de A Coruña.

**10,30 horas.-** Comezo da competición.

**13,30 horas.-** Clausura da competición e entrega de premios no mesmo Campo de probas. Ofrecerase un xantar a tódolos participantes.

**A CONTINUACIÓN DESTA PROBA REALIZARASE O CAMPIONATO PROVINCIAL DE ARCO AO VOO, EN SAN ROMAN-LARACHA (A CORUÑA).**

*O Comité organizador resérvase o dereito a modifica-lo presente Programa se circunstancias excepcionais así o aconsellan.*